

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 3**

**SESION EXTRAORDINARIA DE 16 DE FEBREIRO DE 2004**

**ASISTENTES**

Ilmo. Sr. Alcalde	Guerra Fernández, Javier Jorge
Alonso Vázquez, Xulio	Iglesias Carrera, José Manuel
Arias Moreira, José Carlos	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Barros Puente, Miguel	Méndez Piñeiro, María José
Calviño Rodríguez, Julio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Coello Bufill, Antonio	Pérez Castrillo, Lois
Comesaña Abalde, Carlos	Polo Lima, María Soledad
Couto Pérez, José Manuel	Porro Martínez, María Corina
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Porteiro García, María Josefa
Fernández Davila, María Olaia	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Fernández Fernández, Amador	Sío Lourido, Belén
Figueroa Vila, José Manuel	Soto Ferreiro, Manoel
Graña Barcia, María Luisa	Toba Girón, Xabier

**NON ASISTE:**

Martíns Vilanova, Margarida Rosa

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día dezaseis de febreiro do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Martíns Vilanova. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

UNICO.(36). SORTEO DE FORMACIÓN DE MESAS ELECTORAIS PARA AS VINDEIRAS ELECCIÓN XERAIS.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás nove horas e cinco minutos, a fin de facer o sorteo, por ordenador, da formación das mesas electorais para as vindeiras eleccións xerais ó Congreso dos Deputados e ó Senado, convocadas por RD número 100/2004, do 19 de xaneiro, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 17, do 20 de xaneiro de 2004.

O Sr. Presidente explicou brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que se sacarían números ó chou para escoller cada un dos membros a designar, que corresponderían co número do censo electoral e seguidamente o ordenador faría automaticamente a continuación do número que saíra, segundo a titulación e a idade requirida, os compoñentes das citadas mesas para presidentes, vocais e suplentes.

Os devanditos números son os que seguen:

PRESIDENTE	4
1º VOCAL	33
2º VOCAL	7
PRESIDENTE 1º SUPLENTE	999
PRESIDENTE 2º SUPLENTE	13
1º VOCAL 1º SUPLENTE	734
1º VOCAL 2º SUPLENTE	503
2º VOCAL 1º SUPLENTE	322
2º VOCAL 2º SUPLENTE	127

De seguido o Sr. presidente indica que os devanditos números se introducirán no proceso de datos municipal a fin de que se confeccione o

listado dos cargos que terán que ocupar as mesas electorais, listado que se procede a remitir a todos os grupos políticos da Corporación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituén de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para as vindeiras eleccións locais, que se contén no listado consecuencia do sorteo e a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, a Sra. Presidenta deu por rematada a sesión, ás nove horas e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.